PARTE II. XUSTIFICACIÓN

CARPETA **01.MX**



APROBACIÓN INICIAL do Plan Básico Municipal do Concello de San Xoán de Río

Febreiro 2021

XUNTA DE GALICIA

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

ÍNDICE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

PARTE II. XUSTIFICACIÓN

1. XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DA REDACCIÓN DO PLAN 3

2. ANÁLISE DA INCIDENCIA DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E DA NORMATIVA SECTORIAL 3

2.1. INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO 4

2.1.1 DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO (DOT) 4

2.1.2 PLAN SECTORIAL EÓLICO DE GALICIA 10

2.1.3 PLAN SECTORIAL DE IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS DA XUNTA DE GALICIA XESTIONADAS POR RETEGAL 11

2.2. NORMATIVA SECTORIAL 11

2.2.1. INCIDENCIA DAS AFECCIÓNS E NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE PAISAXE 11

2.2.2. INCIDENCIA DAS AFECCIÓNS E NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE PATRIMONIO CULTURAL 11

2.2.3. INCIDENCIA DAS AFECCIÓNS E NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN 12

2.2.4. INCIDENCIA DAS AFECCIÓNS E NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS 12

2.2.5. INCIDENCIA DAS AFECCIÓNS E NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE AUGAS 13

2.2.6 INCIDENCIA DAS AFECCIÓNS E NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE ENERXÍA 14

2.2.7. AFECCIÓNS E NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE TELECOMUNICACIÓNS 14

2.2.8. AFECCIÓNS E NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA 14

2.2.9. AFECCIÓNS E NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE ACTIVIDADES EXTRACTIVAS 14

3. ANÁLISE DA INCIDENCIA DA NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE RUIDO 15

4. XUSTIFICACIÓN DO ESTABLECEMENTO DAS DIFERENTES CATEGORÍAS DE SOLO RÚSTICO 15

5. INEXISTENCIA DE ÁMBITOS DE SOLO URBANO CONSOLIDADO 18

6. LISTADO DAS DOTACIÓNS URBANÍSTICAS EXISTENTES 19

6.1. INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓN 19

6.2. INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS 19

6.2.1. Rede de abastecemento de auga 19

6.2.2. Rede de saneamento 20

6.2.3. Subministro eléctrico 22

6.2.4. Antenas telecomunicacións 23

6.3. EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRE E ZONAS VERDES 23

7. INFORMES SECTORIAIS PREVIOS Á APROBACIÓN INICIAL 24

8. MODIFICACIÓNS RESPECTO DO DOCUMENTO DO BORRADOR SOMETIDO A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA 24

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

PARTE II. XUSTIFICACIÓN

1. XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DA REDACCIÓN DO PLAN

Tanto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (arts. 63 e 64) coma no seu desenvolvemento regulamentario (arts. 148 e 156) se prevé a posibilidade de que, para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non conten cun instrumento de planeamento xeral, a consellería competente en materia de urbanismo formule, en desenvolvemento do PBA, o seu Plan Básico Municipal; constituíndo o mesmo o instrumento de planeamento urbanístico do termo municipal completo en tanto en canto o concello no formule o seu correspondente Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Dita regulación da forma a un dos principais obxectivos da Lei: dotar de seguridade xurídica o ordenamento urbanístico, para o cal se considera imprescindible que todos os concellos de Galicia dispoñan dun instrumento de planeamento que ordene o seu termo municipal.

No caso que nos ocupa, tal e coma xa se sinalou no epígrafe introdutorio, no Concello de San Xoán de Río non existe figura de planeamento xeral, nin planeamento en desenvolvemento, contando só con dous proxectos de delimitación de solo do núcleo rural, Mouruás, na Parroquia de San Xoán de Río e Cerdeira na parroquia do seu mesmo nome, aprobados definitivamente mediante Resolucións do 28/05/2007 (DOG 04/07/2007) e 18/01/2005 (Exptes 279-280/2004) respectivamente.

Con esta situación e este marco legal xorde a oportunidade de optar pola fórmula do Plan Básico Municipal.

Conseguintemente, en cumprimento das determinación legais urbanísticas vixentes, procédese á formulación do Plan Básico Municipal do Concello de San Xoán de Río.

2. ANÁLISE DA INCIDENCIA DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E DA NORMATIVA SECTORIAL

O apartado b do art. 153.2 RLSG establece que, dentro da Memoria Xustificativa, a parte II relativa á Xustificación deberá referirse, entre outros extremos, á *"análise da incidencia da normativa sectorial e dos instrumentos de ordenación do territorio, recollidos no Plan Básico Aautonómico, que sexan de aplicación no territorio obxecto do plan".*

Así mesmo no art. 63.1 da LSG e no correlativo 148.1 RLSG sinálase que *"Os plans básicos municipais categorizarán o solo rústico, segundo as delimitacións das afeccións establecidas no Plan Básico Autonómico".*

Pola súa parte, no apartado c) do art. 149.1 do RLSG, en canto á delimitación e categorización do solo rústico como determinación propia do PBM, establécese que *"O plan básico municipal categorizará como solo rústico especialmente protexido, coas subcategorías que correspondan, aqueles ámbitos merecedores de protección por afección dunha normativa sectorial específica ou dun instrumento de ordenación do territorio, segundo se recolla no Plan básico autonómico para o ámbito do termo municipal".*

Conseguintemente, a incidencia da normativa sectorial e dos instrumentos de ordenación do territorio recollidos no vixente PBA para o ámbito do termo municipal que nos ocupa, é obxecto de análise nos apartados 2.1 e 2.2 seguintes respectivamente.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

2.1. INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

No concello de San Xoán de Río deberán terse en conta os seguintes instrumentos de ordenación do territorio: as Directrices de Ordenación do Territorio, o Plan Eólico de Galicia e o "Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por RETEGAL".

2.1.1 DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO (DOT)

Obxectivos das DOT

A relación do presente PBM cos obxectivos establecidos nas DOT resúmese na seguinte táboa:

Táboa 1. Resumo da incidencia das DOT

OBXETIVO DAS D.O.T.	GRAO de contribución do PBM
Lograr unha maior integración de Galicia cos ámbitos que lideran o desenvolvemento europeo e aproveitar as oportunidades asociadas a unha localización singular na fachada atlántica europea, potenciando estratexias de liderado apoiadas nesa situación e en relación coas autoestradas do mar, o sistema portuario ou a comunicación coas outras fisterras europeas, e minimizando os riscos marítimos e pasivos ambientais (contaminación, vertidos, etc.) que poidan aparecer.	Sen relación
Contribuír á consolidación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e da Macrorrexión Galicia-Castela León-Norte de Portugal, e afianzar o protagonismo de Galicia na plataforma atlántica para crear un ámbito de centralidade e desenvolvemento no noroeste peninsular.	Sen relación
Fortalecer todos os sistemas de asentamento da comunidade, potenciando as súas funcións, apoiando a súa diversificación, facilitando toda nova implantación ordenada da actividade produtiva, residencial, de equipamento cultural, ocio, lecer, ambiental ou enriquecemento natural.	Contribúe en gran medida
Definir ámbitos ou áreas funcionais correspondentes aos espazos que requiren unha ordenación supramunicipal pola singularidade das súas circunstancias territoriais ou ambientais. Estas áreas homoxéneas permitirán estudar polo miúdo cada ámbito particular do territorio e consecuentemente establecer determinacións de ordenación específicas axustadas ás particularidades e condicións socioeconómicas propias de cada zona.	Sen relación
Establecer as rexións urbanas como marcos de planificación e programación de infraestruturas, equipamentos e servizos de ámbitos supramunicipais fortemente ocupados e con intensos lazos funcionais. A súa función é a de optimizar a súa oferta e racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico destes espazos e potenciar a súa competitividade no novo sistema europeo de cidades.	Sen relación
Potenciar as cidades de Galicia, reforzando os seus diferentes perfís para artellar un sistema policéntrico de entidades urbanas coa fortaleza necesaria para liderar os procesos de desenvolvemento e innovación.	Sen relación
Articular a formación de agrupacións voluntarias de concellos para a cooperación supramunicipal, orientada á prestación e xestión en común de servizos colectivos.	Sen relación
Favorecer a integración e vertebración da diversidade de espazos que forman a nosa comunidade, tanto internamente, entre si, como respecto aos grandes eixos de desenvolvemento exteriores, ben dos espazos europeos, ben do resto de España.	Contribúe
Consolidar unha rede de núcleos de pequeno e mediano tamaño con capacidade para asegurar a viabilidade demográfica e a xestión de procesos de desenvolvemento de	Contribúe en gran medida

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

todos os municipios da comunidade, de forma complementaria e coordinada coa organización funcional comarcal na que se insiran.	
Establecer criterios para a consideración dos condicionantes ambientais, sociais e económicos nas iniciativas urbanísticas e sectoriais.	Contribúe en gran medida
Consolidar a identidade e singularidade das cidades e vilas de Galicia, apoiando os seus compoñentes de excelencia e impulsando proxectos que melloren a súa calidade urbana e a súa capacidade competitiva.	Sen relación
Potenciar os núcleos rurais de Galicia como célula básica do sistema de asentamentos e elemento identificativo do modelo de ocupación tradicional do territorio, outorgando prioridade á súa rehabilitación.	Contribúe en gran medida
Achegar referencias para o desenvolvemento de infraestruturas e equipamentos con criterios supramunicipais orientadas a apoiar a configuración do modelo territorial proposto mediante unha rede xerarquizada que vertebre e articule a totalidade do territorio.	Sen relación
Crear un potente sistema de infraestruturas de transporte para persoas e mercadorías capaz de conectar eficazmente o espazo rexional co espazo global, así como entre os principais centros urbanos da Comunidade para facer valer as oportunidades derivadas do seu policentrismo, reforzando este como unha das potencialidades de futuro.	Sen relación
Proporcionar criterios e normas para a elaboración de Plans e Proxectos Sectoriais, de Plans Territoriais Integrados e de planeamento urbanístico, de forma que as súas propostas sexan coherentes cos obxectivas xerais que se expoñen para o conxunto de Galicia.	Sen relación
Achegar referencias para o desenvolvemento do parque de vivendas e dos solos de actividade de forma coherente co modelo territorial, con criterios de sustentabilidade, eficacia, calidade ambiental e consumo racional dos recursos.	Contribúe en gran medida
Activar procesos de renovación e dinamización de espazos deteriorados ou en declive e de ámbitos singulares como os centros históricos e os núcleos rurais.	Contribúe en gran medida
Propoñer medidas integrais e transversais coa finalidade de minorar os efectos da crise demográfica e da despoboación das áreas rurais que máis a acusan.	Contribúe
Establecer orientacións estratéxicas para desenvolver os instrumentos de desenvolvemento rural, así como mecanismos de cooperación e colaboración urbano-rural sobre a base dun maior equilibrio entre o desenvolvemento urbano, o desenvolvemento rural e a protección de espazos abertos.	Contribúe en gran medida
Establecer criterios de uso do solo rústico que garantan a súa compatibilidade ambiental e as súas potencialidades e impulsen a aparición de novas opcións de desenvolvemento nestes espazos, aplicando o concepto e metodoloxías de “desenvolvemento rural con enfoque territorial”.	Contribúe en gran medida
Fortalecer os equipamentos e dotacións dos núcleos estruturantes do sistema rural aumentando a súa variedade e elevando os niveis de servizo co fin de aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade.	Contribúe
Potenciar as infraestruturas de telecomunicación como factor esencial para a xeración de novas actividades e de redución das desvantaxes derivadas dunha posición afastada dos grandes centros urbanos.	Contribúe
Desenvolver espazos orientados ás actividades de I+D+i como elementos determinantes para asentar o potencial de futuro de Galicia e da súa capacidade para configurar un ámbito de liderado espacial.	Sen relación

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Contribuír a un modelo territorial que teña en conta a potencialidade do territorio na ordenación do medio físico soporte do modelo, analizando a súa capacidade de acollida para os distintos usos.	Contribúe en gran medida
Servir de marco de referencia para a posta en marcha de estratexias de desenvolvemento endóxeno, valorizando e potenciando os recursos propios de cada contorno territorial e favorecendo a distribución coherente da poboación na totalidade do territorio galego, dándolles un especial impulso aos procesos socioeconómicos que dinamicen as áreas con menor peso demográfico.	Contribúe en gran medida
Estruturar o litoral como un ámbito de excelencia territorial, que integre zonas naturais, centros urbanos e núcleos tradicionais, reorientando os procesos de urbanización difusa cara a un sistema caracterizado pola súa calidade e pola diversidade de posibilidades de vida e traballo.	Sen relación
Fomentar a recuperación e conservación dos espazos fluviais e as súas contornas co obxectivo de mellorar a funcionalidade ambiental, hidráulica e morfodinámica e contribuír á consecución dos obxectivos ambientais marcados polas directivas europeas para as masas de auga de Galicia.	Contribúe en gran medida
Combater o fenómeno do cambio climático, para o que se propón afondar no coñecemento das súas evidencias en Galicia e actuar decididamente nos principais sectores que contribúen ás emisións de gases de efecto invernadoiro, de acordo cos principios recollidos na Estratexia galega fronte ao cambio climático.	Contribúe
Protexer o patrimonio natural, cultural e paisaxístico, así como o sistema rural, sinais de identidade de Galicia, garantindo a súa conservación e establecendo as medidas necesarias para o seu mantemento e mellora, como factores de atracción espacial e fundamentos da calidade de vida, incentivando a súa valorización mediante unha perspectiva territorial organizadora.	Contribúe en gran medida
Preservar as diferentes tipoloxías de paisaxes, pois trátase dun recurso patrimonial e natural incuestionable que participa do interese xeral nos aspectos ecolóxicos, culturais, económicos e sociais da nosa Comunidade.	Contribúe en gran medida
Previr e minimizar os efectos derivados de riscos naturais e tecnolóxicos, incorporando a avaliación e xestión de riscos na formulación dos restantes instrumentos de ordenación do territorio e do urbanismo.	Contribúe en gran medida

Liñas estratéxicas da política territorial

As DOT establecen como liñas estratéxicas da política territorial de Galicia:

A. Favorecer a compactidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa.

O PBM promove un uso sostible do solo co fin de reducir a súa ocupación e degradación a través dunha delimitación de núcleos rurais compacta, que potencia as tendencias existentes e que favorece a rehabilitación fronte á nova edificación. Como establecen as DOT, a compactidade incrementa a eficiencia dos fluxos metabólicos dos asentamentos e reduce o seu impacto e pegada ecolóxica. No caso de San Xoán de Río, ademais, non existe unha demanda importante de novas construcións toda vez que a tendencia actual é máis de perda de poboación que de incremento da mesma.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

B. Fortalecer os núcleos tradicionais e valorizar o territorio.

O PBM limítase a delimitar os núcleos existentes, o cal é recoñecido polas DOT como un criterio básico para acadar a sustentabilidade territorial sen prexuízo de facer os reaxustes necesarios en aplicación da actual normativa contida na LSG e no seu Regulamento.

C. Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio.

O PBM contribúe á articulación interna dos asentamentos de poboación do concello a través da consolidación das infraestruturas existentes e o fortalecemento dos niveis de servizo dos núcleos estruturantes do sistema rural, aumentando o seu atractivo como centros de actividade e residencia.

D. Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial.

Para a redución do proceso actual de despoboamento e a cohesión territorial necesaria no medio rural é preciso dotar ós concellos como San Xoán de Río de instrumentos como o presente PBM, que ordenan o territorio rural co fin de proporcionar as condicións de recibir novos poboadores continuos ou estacionais, así como novas vías empresariais, asegurando un equilibrio territorial e unha maior valorización dos recursos endóxenos.

E. Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural.

O PBM trata de potenciar o sector primario, favorecendo o aumento da base territorial das explotacións a través da axeitada clasificación e preservación do recurso solo, de xeito compaxinado co uso preciso do solo rústico para a localización de instalacións de interese xeral que favorezan a creación de emprego e calidade de vida no rural.

F. Protexer o patrimonio natural e cultural.

No que respecta ó patrimonio cultural e ós seus contornos de protección, o feito de crear un inventario dos elementos de interese patrimonial, no que se fotografía, se cartografía a situación e se realiza unha descrición do elemento e do seu estado de conservación, permite a identificación e coñecemento destes elementos e, por conseguinte, contribúe á súa posta en valor.

No que se refire ó patrimonio natural, as ordenanzas reguladoras dos usos do solo, así como a clasificación do territorio nas diferentes clases e categorías de solo, permiten compatibilizar o aproveitamento do territorio coa conservación dos recursos naturais.

O PBM contribúe de maneira positiva á conservación do patrimonio natural e cultural non só identificando os elementos que o constitúen, senón tamén establecendo unha clasificación do solo axeitada, os perímetros de protección e a regulación dos usos nestas franxas.

Como as propias DOT reflicten, é necesario ter en conta a paisaxe como o resultado da interacción da sociedade e as súas actividades co territorio, a cal evoluciona conforme ós novos modelos sociais e produtivos, e por tanto a paisaxe rural do concello do San Xoán de Río esixe que siga sendo funcional e poda manter a súa actividade específica. O desenvolvemento do PBM influirá na evolución da paisaxe dos núcleos rurais delimitados no plan e, en menor grao, na do solo rústico de especial protección. A paisaxe dos núcleos rurais pode experimentar un maior grao de urbanización pero que, en todo caso, contribuirá á consolidación e compactación dos asentamentos existentes e se desenvolverá de acordo coas medidas de integración paisaxística establecidas nas ordenanzas de edificación e uso do solo do PBM. Por outra banda, a protección do solo con especiais valores a través da súa categorización como

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

solo rústico de especial protección favorecerá a xestión da paisaxe destas zonas e a conservación dos seus valores paisaxísticos.

G. Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental.

O PBM regula mediante a súa normativa, os usos e actividades que permiten establecer garantías de calidade ambiental, asegurando unha contorna saudable e indicativa da calidade de vida. A ausencia de categorías de solo industrial e urbano favorece a calidade ambiental, evitando a implantación de actividades e infraestruturas emisoras de contaminación que podan resultar prexudiciais tanto para a poboación como para o medio ambiente.

A priorización da rehabilitación dos núcleos fronte á nova construción contribúe non só a reducir os residuos senón tamén a conservar o patrimonio cultural do concello.

A ausencia de planificación de solo industrial tamén contribúe a evitar a emisión de gases de efecto invernadoiro, que proceden en gran medida da actividade industrial.

H. Afianzar o protagonismo exterior de Galicia.

O planeamento urbanístico dun concello rural do interior de Galicia como é San Xoán de Río pode contribuír a esta liña estratéxica unicamente pola vía indirecta de favorecer un turismo rural ou de natureza de calidade.

Sistema de asentamentos e espazo rural

As DOT establecen un modelo territorial cunha estrutura básica que se define a partir dun sistema xerarquizado de asentamentos, articulado polas redes de infraestruturas e equipamentos, que se implanta sobre un medio rural que conta cunha biodiversidade e patrimonio cultural que hai que protexer e xestionar. O sistema de asentamentos está configurado por:

- O sistema de grandes cidades.
- O sistema urbano intermedio.
- Os nodos para o equilibrio do territorio.
- Os núcleos principais dos restantes concellos e das parroquias rurais.

O concello de San Xoán de Río conta con seis núcleos principais das parroquias rurais, sendo un de eles o de O Campo onde se concentran a maioría das dotacións básicas de tipo administrativo, docente, sanitario, cultural e demais servizos de carácter local.

A memoria das DOT distingue tres tipos principais de espazos rurais: integrados, intermedios e periféricos. No caso de San Xoán de Río, algunhas das principais características do concello son a presenza dun patrimonio natural e cultural de gran valor, que o converte nun enclave atractivo e con identidade propia, así como a existencia dunha importante actividade vinculada ao sector primario. Por este motivo, a estratexia a seguir polo PBM é a que establecen as DOT para o *"espazo rural intermedio"*, definidos como espazos relativamente distantes dos centros urbanos principais, nos que os niveis de despoboamento comezan a ser preocupantes e que manteñen unha base produtiva agropecuaria e forestal. Trátase dun territorio que mantén un valor de uso como factor de produción, nun equilibrio sostible entre o uso e conservación dos recursos naturais. O PBM ten en conta a integración do sistema de asentamentos de poboación e a súa compatibilidade coas actividades do sector primario e os recursos ambientais do territorio, así como ordenamento efectivo dos mesmos.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Determinacións

As determinacións das DOT cunha maior incidencia sobre o plan descríbense a continuación.

"2. O SISTEMA DE ASENTAMENTOS

2.4. Determinacións para os núcleos principais dos restantes concellos e parroquias rurais.

Determinacións excluíntes:

2.4.1. Constitúen núcleos principais dos restantes concellos e das parroquias rurais aqueles onde se localice a capitalidade municipal, así como aqueloutros que comparativamente desempeñan unha maior centralidade socioeconómica no seu ámbito.

2.4.2. Procurarase que se concentren nos núcleos principais dos concellos as dotacións básicas de tipo administrativo, docente, sanitario, cultural e demais servizos de carácter local.

Determinacións orientativas:

2.4.3. O planeamento urbanístico municipal e os plans e programas das administracións considerarán os ámbitos parroquiais nos seus diagnósticos para a planificación, e procurarán localizar as súas actuacións de dotación ou desenvolvemento nos núcleos principais das citadas parroquias, aproveitando o seu carácter de centralidade e relación parroquial, para optimizar a rendibilidade social dos recursos.

2.4.4. Facilitarase a accesibilidade local desde os núcleos rurais dependentes, mediante a mellora das redes viarias de proximidade e impulsando estratexias de transporte público de baixa intensidade".

Como xa se mencionou, o PBM recolle a clasificación dos núcleos segundo o PBA, que segue a xerarquización do modelo de asentamentos das DOT. No caso do concello do San Xoán de Río, non existe ningún núcleo principal dos restantes concellos e si 6 núcleos principais das parroquias rurais, sendo un de eles, o de O Campo, onde se centralizan os servizos públicos e a maioría das dotacións do concello.

"7. O PATRIMONIO NATURAL

Determinacións orientativas:

7.1.1. Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística incorporarán as accións e medidas necesarias para garantir a protección dos recursos naturais e incentivar a mellora da calidade ambiental do territorio, garantindo o seu uso sostible por parte da sociedade.

7.1.4. Na elaboración e redacción dos diferentes instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos teranse presentes os catálogos de especies ameazadas, os correspondentes plans de conservación e documentación concorrente.

7.2.3. Os instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico incorporarán unha análise específica, de carácter supramunicipal, acerca da conectividade dos ecosistemas e biotopos, integrando valores produtivos e a compoñente paisaxística, co fin de evitar o fraccionamento do solo rústico."

Na elaboración do PBM analizáronse os elementos do patrimonio natural e tivéronse en conta os espazos protexidos e os instrumentos derivados da lexislación sobre patrimonio natural partindo, de acordo co previsto na LSG das determinacións contida ao respecto no PBA.

No concello de San Xoán de Río non existen elementos que supoñan unha importante fragmentación territorial, agás os elementos naturais. O PBM non planifica ningunha infraestrutura ou actividade que poda carrexar a aparición de barreiras artificiais ou impida a conectividade propia do solo rústico. A delimitación do solo de núcleo rural evita a dispersión da urbanización e da construción de edificacións ou equipamentos, o cal concentra e diminúe os posibles impactos, minimizando as posibilidades de selado do solo e de fragmentación dos hábitats.

"8. A PAISAXE

Determinacións excluíntes:

8.1. As Administracións públicas integrarán, conforme aos criterios da Lei 7/2008 de 7 de xuño de protección da paisaxe de Galicia, a consideración da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística así como noutras políticas sectoriais que poidan producir un impacto directo ou indirecto sobre ela.

8.5. En ausencia dos Catálogos e Directrices de paisaxe, os instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico considerarán a perspectiva global e integral da paisaxe e seguirán as definicións e criterios xerais recollidos na parte correspondente da Memoria destas Directrices."

O PBM incorpora como solo rústico de protección paisaxística unha aérea de especial interese paisaxístico delimitada polo PBA e polo Catálogo das paisaxes de Galicia denominado "Val do Río Navea", e ademais incorpora un estudo da paisaxe en cumprimento do establecido no artigo 35 do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

"9. O PATRIMONIO CULTURAL

Determinacións excluíntes:

9.5. Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística deberán incorporar as accións e medidas necesarias para garantir a protección e conservación dos Ámbitos de interese do patrimonio cultural relacionados no Anexo IV, así como aqueloutros ámbitos susceptibles de presentar valores patrimoniais de calquera das súas manifestacións."

O Catálogo do PBM incorpora os elementos do patrimonio cultural recollidos no PBA, o que garante a conservación destes elementos e contribúe á súa posta en valor.

2.1.2 PLAN SECTORIAL EÓLICO DE GALICIA

Aprobado polo Consello da Xunta o 01/10/1997 (DOG 15/12/1997) e modificado a medio de acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 05/12/2002, recolle en San Xoán de Río dúas áreas, as denominadas "Monte Cerengo" considerada como unha área de investigación, e "Pena Petada" como unha área de reserva, si ben, aínda non se aprobou ningún proxecto sectorial que as desenrolara.

Conseguintemente e, ao non existir desenrolados os correspondentes proxectos sectoriais, o Plan Sectorial Eólico de Galicia non ten unha incidencia directa no presente PBM, no que respecta a clasificación do solo.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

2.1.3 PLAN SECTORIAL DE IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS DA XUNTA DE GALICIA XESTIONADAS POR RETEGAL

O Plan Sectorial inclúe unha boa parte do termo municipal como Áreas de localización preferente para o emprazamento de infraestruturas previstas non definidas no Plan Sectorial (RTGN), non existindo no mesmo infraestruturas existentes ou previstas definidas

Ao marxe do anterior, na parte central do concello, na parroquia de San Xurxo, na área recreativa de os Biocos, RETEGAL conta cun centro emisor, non recollido no Plan Sectorial na área descrita con anterioridade.

A referida infraestrutura e as súa área de afección ata un contorno de 100 metros incorpóranse ó PBM clasificada como solo rústico de protección de infraestruturas en aplicación do disposto no artigo 34.2.e) LSG é no correlativo 49.2.e) RLSG.

2.2. NORMATIVA SECTORIAL

Teñen a consideración de afeccións sectoriais aquelas que derivan da normativa sectorial en materia de augas, costas, espazos naturais, montes, portos, aeroportos, ferrocarrís, estradas, política enerxética, telecomunicacións, conservación da natureza, paisaxe, patrimonio ou calquera outra que poida ter incidencia sobre o territorio.

2.2.1. INCIDENCIA DAS AFECCIÓNS E NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE PAISAXE

O Concello de San Xoán de Río conta cunha área de especial interese paisaxístico delimitado polo Catálogo das paisaxes de Galicia e denominado “Val do Río Navea (AEIP_02_01–Val do Río Navea)

Na súa consecuencia e, atendendo ao establecido no artigo 34.2.g da LSG e no correlativo 49.2.g) RLSG, o PBM clasifica dita área solo rústico de protección paisaxística.

2.2.2. INCIDENCIA DAS AFECCIÓNS E NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE PATRIMONIO CULTURAL

O PBA identifica distintos elementos no Concello de San Xoán de Río que, polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos, arqueolóxicos ou etnográficos, estima convinte conservar, mellorar ou recuperar; procedendo á súa integración nalgunha das seguintes categorías: Paisaxístico, Arqueolóxico e Arquitectónico.

Conseguintemente, o PBM clasifica como solo rústico de protección patrimonial os terreos correspondentes á delimitación do ben e ó seu contorno de protección en aplicación do disposto no artigo 34.2.h) LSG é no correlativo 49.2.h) RLSG.

A delimitación de cada un dos elementos catalogados e os seus contornos de protección realizouse seguindo os seguintes criterios:

Os elementos arqueolóxicos foron delimitados conforme á información facilitada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Para os contornos de protección tomouse como referencia a distancia xenérica de 200 metros establecida pola LPG, estudándose nese ámbito, a topografía, os usos, os campos visuais, as edificacións existentes, etc., e a súa incidencia sobre o elemento, para a súa posterior definición de forma individualizada, adaptándose ao parcelario ou pegadas físicas existentes.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

No caso dos elementos arquitectónicos, as súas delimitacións fanse coincidir normalmente cos límites da parcela na que se atopa o ben, se ben, nalgún caso, cando o elemento non conta con parcela propia ou esta é moi grande, utilizáronse límites físicos. Para os contornos de protección tomouse como referencia a distancia xenérica de 100 metros establecido pola LPG, estudándose nese ámbito, a topografía, os usos, os campos visuais, as edificacións existentes, etc., e a súa incidencia sobre o elemento, para a súa posterior definición de forma individualizada, adaptándose ao parcelario ou pegadas físicas existentes. Naqueles elementos cuxas delimitacións están entre o concello de San Xoán de Río e outros limítrofes, os seus contornos de protección tan so se estableceron no ámbito territorial deste PBM.

Por tanto, a concreta delimitación de cada un dos bens e do seu contorno de protección resulta tanto do correspondente plano de información como da ficha de cada un dos mesmos obrante no Catálogo do presente PBM.

Polo que respecta ó BIC da Ribeira Sacra, cuxa delimitación foi aprobada mediante Decreto 166/2018, de 27 de decembro, coa consideración de paisaxe cultural, a súa delimitación e a zona de amortecemento chegan ata o municipio de San Xoán de Río, afectando á parroquia de Vilardá (Santa María), polo que incorporase ó catálogo do presente PBM.

2.2.3. INCIDENCIA DAS AFECCIÓNS E NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Os terreos correspondentes a montes veciñais en man común no Concello de San Xoán de Río identificados no apartado 2.5.3 da Memoria Informativa foron clasificados como solos rústicos de protección forestal polo PBM en aplicación do disposto no artigo 34.2.b) LSG é no correlativo 49.2.b RLSG.

2.2.4. INCIDENCIA DAS AFECCIÓNS E NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS

Segundo resulta do previsto no PBA, o Concello resulta atravesado por viarios de titularidade autonómica e da administración provincial identificados no apartado 2.8.1 da Memoria Informativa.

Conseguintemente, o PBM clasifica como solo rústico de protección de infraestruturas tanto os terreos ocupados polas infraestruturas propiamente ditas como as zonas de afección resultantes da normativa sectorial en aplicación do disposto no artigo 34.2.e) LSG é no correlativo 49.2.e) RLSG; incorporando ademais de xeito directo as afeccións contidas na referida normativa que se resumen na seguinte táboa:

Táboa 3. Afeccións viarias.

ZONAS DE PROTECCIÓN VÍAS AUTONÓMICAS E PROVINCIAIS		
ZONA	Distancia do límite exterior de cada zona	
	Distancias	A distancia mídese en horizontal e ortogonalmente ao eixe da estrada dende a liña que se indica en cada caso
Dominio público adxacente á estrada (1)	10m	Dende á aresta exterior da explanación (5)
Servidume (2)	2m	Dende á zona de dominio público (1)
Afección (3)	30m	Dende á aresta exterior da explanación (5)
Liña límite da edificación (4)	15m	Dende á liña exterior de delimitación da estrada máis próxima (6)

(1) A zona de dominio público está constituída pola estrada, seis elementos funcionais así como as construcións e instalacións existentes así como a zona de dominio público adxacente.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

(2) A zona de servidume está formada por dúas franxas de terreo delimitadas interiormente pola zona de dominio público é exteriormente por dúas liñas paralelas ás mesmas ata as distancias sinaladas anteriormente.

(3) A zona de afección a conforman dúas franxas entre a zona de servidume e as aristas exteriores da explanación á distancia que resulta da táboa anterior.

(4) A liña límite de edificación delimítase por unha liña paralela as liñas exteriores de delimitación das estradas de acordo co resumido na anterior táboa. No caso de que aplicada dita distancia a liña quedase na zona de dominio público ou de servidume, se fixa como liña límite de edificabilidade o borde exterior da zona de servidume coa posibilidade de diminuír ditas distancias nos tramos urbanos nos supostos previstos pola normativa de estradas.

(5) A liña exterior da explanación, a cada unha das marxes da estrada é a intersección do noiro do desmonte do terro co terreo natural.

(6) A calzada é a parte pavimentada da explanación.

Débese ter en conta que, segundo o disposto no artigo 38.4 LEG *"Nos tramos urbanos das estradas nos se establecen nin zonas de protección da estrada nin línea límite da edificación"*.

2.2.5. INCIDENCIA DAS AFECCIÓNS E NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE AUGAS

O concello de San Xoán de Río conta cunha importante rede fluvial, polo que o PBM procede a clasificar como solo rústico de protección de augas os terreos -situados fora dos núcleos rurais- definidos como dominio público hidráulico, zona de servidume, e zona de fluxo preferente no Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo en aplicación do disposto no artigo 34.2.c) LSG é no correlativo 49.2.c) RLSG incorporando ademais de xeito directo as afeccións contidas na referida normativa que se resumen na seguinte táboa:

Táboa 4. Afeccións en materia de augas.

ZONAS DE PROTECCIÓN AGUAS		
ZONA	Distancia do límite exterior de cada zona	
	Distancia	Medición horizontal a partir do canle
Dominio público hidráulico (1)	Ocupación do canle fluvial ata a zona de máxima crecida ordinaria	
Servidume (2)	5m	
Afección (3)	100m	Dende o canle
Zona de fluxo preferente (4)	Delimitado pola envolvente conformada pola unión da zona o zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as avenidas, ou vía de intenso desaugadoiro, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens.	

(1) A zona de dominio público hidráulico resulta determinada pola ocupación do canle fluvial ata á zona de máxima crecida ordinaria.

(2) A zona de servidume estará conformada por unha banda de 5 m a partir de cada unha das marxes que delimitan a zona de dominio público anterior.

(3) A zona de policía comprenderá unha banda de 100 m a partir de cada unha das marxes que delimitan a zona de dominio público. Dentro da mesma atópase a zona de servidume.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

(4) O límite exterior da zona de fluxo preferente resulta delimitado pola envolvente conformada pola unión da zona o zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as avenidas, ou vía de intenso desaugadoiro, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens.

2.2.6 INCIDENCIA DAS AFECCIÓNS E NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE ENERXÍA

No Concello de San Xoán de Río distínguense distintas infraestruturas vinculadas á enerxía:

- ENERXÍA ELÉCTRICA:

Transcorren polo vento sur do territorio do termo municipal ata cinco tendidos eléctricos que teñen a súa orixe na Estación Eléctrica existente no concello limítrofe de A Pobra de Trives. A presenza de ditos tendidos conleva que o PBM proceda a clasificar como solo rústico de especial protección de infraestruturas; en aplicación do disposto no artigo 34.2.e) LSG é no correlativo 49.2.e) RLSG; tanto os terreos sobre os que discorren liñas de alta tensión coma os suxeitos á afección correspondente a cada lado do liña -eixo- e ó longo da mesma (15 m no caso da liña de 132 kV e 20 m nas de 220 e 400 kV), de acordo co establecido pola Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico e polo Real Decreto 223/2008, do 15 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09.

Procédese da mesma forma nas liñas de ata 20 kV, as que dan o servizo directo aos distintos asentamentos e instalacións do concello, nas que a afección e menor, tan so de 10 m.

- ENERXÍA EÓLICA:

Ao non haberse desenrolado ningún proxecto sectorial no que se concrete o lugar das instalacións vinculadas ao sector eólico, como parques eólicos, redes de condución, etc., non resultan de aplicación directa as determinacións do proxecto sectorial eólico.

2.2.7. AFECCIÓNS E NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE TELECOMUNICACIÓNS

O PBM clasifica como solo rústico de especial protección de infraestruturas; en aplicación do disposto no artigo 34.2.e) LSG é no correlativo 49.2.e) RLSG; tanto os terreos ocupados pola instalación de telecomunicacións identificada como existente no “Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por RETEGAL”, coma os suxeitos á súa área de afección correspondente a un perímetro de 100 metros circundando a instalación.

2.2.8. AFECCIÓNS E NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

No concello de San Xoán de Río existe un espazo incluído na Rede galega de espazos protexidos, o “Val do río Navea”.

O PBM clasifica como solo rústico de protección de espazos naturais os terreos ocupados polo referido espazo protexido en aplicación do disposto no Informe Ambiental Estratéxico.

2.2.9. AFECCIÓNS E NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE ACTIVIDADES EXTRACTIVAS

No municipio identifícase tan so un dereito mineiro outorgado que mantén a súa vixencia, a autorización de aproveitamento da Sección A), “Cabanas” nº OU/308.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

3. ANÁLISE DA INCIDENCIA DA NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE RUIDO

Tal e como se sinalou no apartado 2.6 da Memoria Informativa, ó presente PMB, en canto instrumento de planeamento de desenvolvemento do PBA, resúltanlle de aplicación as concretas determinacións normativas sectoriais contidas na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído; no Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído e no Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Consecuentemente, en aplicación das mesmas, nos correspondentes planos de ordenación do presente PBM procedeuse á delimitación territorial das áreas acústicas no solo clasificado como urbano e como núcleo rural -clasificando as mesmas conforme ao seu uso predominante determinado por aplicación dos criterios fixados no apartado 1, do anexo V do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído-.

4. XUSTIFICACIÓN DO ESTABLECEMENTO DAS DIFERENTES CATEGORÍAS DE SOLO RÚSTICO

O apartado c do art. 153.2 RLSG establece que, dentro da Memoria Xustificativa, a parte II relativa á Xustificación deberá referirse, entre outros extremos, á *"Xustificación do establecemento das diferentes categorías de solo rústico con base na información contida no Plan básico autonómico e recollida na parte informativa"*.

Así mesmo no art. 63.1 da LSG e no correlativo 148.1 RLSG sinálase que *"Os plans básicos municipais categorizarán o solo rústico, segundo as delimitacións das afeccións establecidas no Plan básico autonómico"*.

Pola súa parte, no apartado c) do art. 149.1 do RLSG, en canto á delimitación e categorización do solo rústico como determinación propia do PBM, establécese que *"O plan básico municipal categorizará como solo rústico especialmente protexido, coas subcategorías que correspondan, aqueles ámbitos merecedores de protección por afección dunha normativa sectorial específica ou dun instrumento de ordenación do territorio, segundo se recolla no Plan básico autonómico para o ámbito do termo municipal"*.

Finalmente, o art. 49.1 RLSG establece que "O planeamento clasificará como solo rústico de especial protección os terreos que, de acordo coas lexislacións sectoriais de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, resulten incompatibles coa súa transformación mediante a urbanización, así como aqueles cuxa protección veña demandada polos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais que concorran nestes".

Ademais, atendeuse ao establecido no Informe Ambiental Estratéxico, no sentido de categorizar o ámbito territorial inserido na paisaxe protexida "Val do río Navea" como solo rústico de protección de espazos naturais, sen prexuízo de atribuírlle outras categorías complementarias de solo rústico.

Conseguintemente, no presente apartado, procédese a realizar a xustificación do establecemento polo PBM das diferentes categorías de solo rústico con base na información contida no Plan Básico autonómico e recollida na parte informativa da presente Memoria Xustificativa.

As categorías de ordenación do solo rústico definidas polo presente PBM son as seguintes:

- Solo Rústico de Protección Ordinaria (SRPO).
- Solo Rústico de Especial Protección, distinguindo:

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

- Solo Rústico de Protección Forestal (SRPF).
- Solo Rústico de Protección das Augas (SRPAU).
- Solo Rústico de Protección de Infraestruturas (SRPIN).
- Solo Rústico de Protección Paisaxística (SRPPX).
- Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais (SRPEN)
- Solo Rústico de Protección Patrimonial (SRPP).

A categorización do solo rústico realizouse tomando como referencia as afeccións sectoriais delimitadas no PBA e aplicando ás mesmas un procedemento de actualización e mellora da precisión cartográfica, tendo en conta o establecido nas correspondentes normativas sectoriais. Para isto foi preciso:

1. A análise das características da cartografía correspondente ás diferentes afeccións sectoriais recollidas no PBA. Con este fin, integrouse nun Sistema de Información Xeográfica (SIX) a información recollida no PBA.

2. A análise da integración da información sobre as afeccións sectoriais nunha cartografía a escala 1:5.000.

3. A identificación das capas e afeccións sectoriais que poden ser obxecto de mellora mediante a súa actualización ou a utilización de fontes de información adicionais.

4. A delimitación das diferentes categorías de solo rústico en todo o termo municipal mediante procedementos de edición, consulta en análise espacial aplicados no SIX.

SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA (SRPO)

Clasificáronse con esta categoría todos os ámbitos de solo rústico non suxeitos a unha especial protección segundo o regulado no artigo 34 da Lei 2/2016 e na correspondente lexislación sectorial.

Esta categoría de solo ocupa 2.409,89 ha (39,43 % da superficie total do concello).

SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL (SRPF)

Atendendo ao establecido no artigo 34.2.b da Lei 2/2016, o solo rústico de protección forestal está constituído polos montes veciñais en man común e os terreos de alta produtividade forestal que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente. Dada a inexistencia deste catálogo para o ámbito territorial de San Xoán de Río, o solo rústico de protección forestal está constituído polos montes veciñais en man común recollidos no PBA, concretamente o Monte veciñal en man común “Cerengo”.

Esta clase de solo ocupa 399,76 ha (6,54 % da superficie total do concello).

SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DAS AUGAS (SRPAU)

Atendendo ao establecido no artigo 34.2.c da Lei 2/2016, o solo rústico de protección das augas está constituído polos terreos situados fóra dos núcleos rurais definidos como solo de dominio público hidráulico na súa respectiva lexislación sectorial, as súas zonas de policía e as zonas de fluxo preferente. A delimitación do solo rústico de protección das augas reflectida nos Planos de ordenación

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

realizouse a partir da cartografía da rede hidrográfica da Base Topográfica de Galicia actualizada (BTG10 2019).

Esta categoría de solo rústico ocupa 1.993,33 ha (32,61 % da superficie total do concello).

SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUTURAS (SRPIN)

Atendendo ao establecido no artigo 34.2.e da Lei 2/2016, o solo rústico de protección de infraestruturas está constituído polos terreos rústicos destinados ó emprazamento de infraestruturas e as súas zonas de afección, tales como as comunicacións e telecomunicacións, as instalacións para o abastecemento, saneamento e depuración da auga, as de xestión de residuos sólidos, as derivadas da política enerxética ou calquera outra que xustifique a necesidade de afectar unha parte do territorio.

O solo rústico de protección de infraestruturas do concello de San Xoán de Río delimitado nos Planos de ordenación está constituído por:

- As zonas de afección das estradas de titularidade autonómica e provincial: OU-536, OU-0705 y OU-0706 e a zona de afección da estrada LU-P-5303 aínda que o seu trazado discorre polo concello de Ribas de Sil en Lugo, recollidas no PBA, calculadas a partir da cartografía 1:5.000 do PBM como dúas franxas de terreo, unha a cada beira da estrada, delimitadas a unha distancia de 30 metros, segundo o establecido para estradas convencionais no artigo 40.1.b da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

- As zonas de afección xeradas polas redes tanto de alta como de media tensión que discorren polo concello.

- A zona de afección dunha infraestrutura de telecomunicacións de RETEGAL.

- Os terreos onde se localizan infraestruturas de servizos de abastecemento (depósitos de auga).

- Esta categoría de solo rústico ocupa 344,62 ha (5,64 % da superficie total do concello).

SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN PAISAXÍSTICA (SRPPX)

Atendendo ao establecido no artigo 34.2.g da Lei 2/2016, o solo rústico de protección paisaxística está constituído polos terreos considerados como áreas de especial interese paisaxístico de conformidade coa lexislación de protección da paisaxe de Galicia; consecuentemente o solo rústico de protección paisaxística do concello de San Xoán de Rio correspóndese ca área de especial interese paisaxístico denominada “Val do Río Navea (AEIP_02_01–Val do Río Navea) delimitada polo Catálogo das paisaxes de Galicia e incluída no PBA.

Esta categoría de solo rústico ocupa 242,14 ha (3,96 % da superficie total do concello).

SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS (SRPEN)

O solo rústico de protección de espazos naturais do concello de San Xoán de Río comprende os terreos incluídos na Rede galega de espazos protexidos, o “Val do río Navea”, en aplicación do disposto no Informe Ambiental Estratéxico.

Esta categoría de solo rústico ocupa 242,14 ha (3,96 % da superficie total do concello).

SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN PATRIMONIAL (SRPP)

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Atendendo ao establecido no artigo 34.2.h da Lei 2/2016, o solo rústico de protección patrimonial está constituído polos terreos protexidos pola lexislación de patrimonio cultural. A delimitación do solo rústico de protección patrimonial do concello de San Xoán de Río reflectida nos Planos de ordenación baseouse nas afeccións identificadas no PBA, a partir da cal se estableceu o contorno de protección destes elementos, segundo o establecido no artigo 38.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Esta categoría de solo rústico ocupa 1.502,45 ha (24,58 % da superficie total do concello).

Táboa 5. Resumo das clases e categorías de solo coa súa superficie e proporción no concello:

Clase	Categoría		Superficie (ha)	%*
Solo de núcleo rural	Tradicional	SNRT	46,39	0,76%
	Común	SNRC	15,21	0,25%
Solo rústico de protección ordinaria		SRPO	2.409,89	39,43%
Solo rústico de especial protección	Forestal	SRPF	399,76	6,54%
	Augas	SRPAU	1.993,33	32,61%
	Infraestruturas	SRPIN	344,62	5,64%
	Paisaxística	SRPPX	242,14	3,96%
	Espazos Naturais	SRPEN	242,14	3,96%
	Patrimonial	SRPP	1.502,45	24,58%
Total			7.195,92	

*Porcentaxe calculada con respecto á superficie do concello, non do sumatorio das distintas categorías de solo.

A superficie total reflectida na táboa anterior non se corresponde coa superficie do concello, xa que existen diversas categorías de solo rústico que se superpoñen entre elas, sen embargo, na seguinte táboa faise un resume adaptado no que si coinciden ambas superficies.

Táboa 6. Resumo das clases de solo coa súa superficie e proporción no concello:

Clase		Superficie (ha)	%
Solo de núcleo rural	SNR	61,59	1,01%
Solo rústico de protección ordinaria	SRPO	2.409,89	39,43%
Solo rústico de especial protección	SRP	3.640,79	59,56%
Total		6.112,27	100,00

5. INEXISTENCIA DE ÁMBITOS DE SOLO URBANO CONSOLIDADO

Como sinala a xurisprudencia de aplicación, o solo urbano é o único cuxa clasificación resulta indispoñible para o planificador de forma tal que, será urbano soamente aquel que reúna as características fixadas pola normativa de aplicación que determinan a súa pertenza a esta clase de solo. Neste senso, a identificación e delimitación do solo urbano ven determinada polas condicións que establecen os artigos 16, 17 e 18 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

A carencia dun verdadeiro núcleo urbano tal como o define a citada lei, constatada *in situ* e documentada na memoria, aconsellou a opción de non clasificar como tal ningunha área de solo do termo municipal.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

6. LISTADO DAS DOTACIÓNS URBANÍSTICAS EXISTENTES

6.1. INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓN

Táboa 7. Infraestruturas de comunicación.

Nome	Código PBM	Lonxitude/Sup.	Titularidade	Clasificación	Categoría	Ordenanza
OU-536	SX-IC-VIA-AU01	8,74 Km	Autonómica	SR	SRPIN, SRPAU, SRPP, SRPPX, SRPEN	PBA_O10
OU-0705	SX-IC-VIA-DI01	11,90 Km	Provincial	SR, SNR	SNRT, SNRC, SRPIN, SRPAU, SRPP	PBA_O6 PBA_O10
OU-0706	SX-IC-VIA-DI02	4,60 Km	Provincial	SR, SNR	SNRT, SNRC, SRPIN, SRPAU, SRPP, RPPX, SRPEN	PBA_O6 PBA_O10
LU-P-5303	SX-IC-VIA-DI03	0,025 Km	Provincial	SR	SRPI, SRPP	PBA_O10
Heliporto	SX-IC-AER-HP01	6.338 m^2	Autonómica	SR	SRPINF	PBA_O10
Aparcamento de caravanas	SX-IC-VIA-AP01	2.424 m^2	Municipal	SNR	SNRC	PBA_O4

6.2. INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS

6.2.1. Rede de abastecemento de auga

Táboa 8. Rede de abastecemento de auga

Rede Abastecemento Municipal (Pb)					
Rede Nº Código PBM	Entidades de poboación con abastecemento	Parroquia	Clasificación	Categoría	Ordenanza
SL-IS-ABS-RP04	Campo O, Cerniza, Pousa A, Alenza	San Xoán de Río	SR, SNR	SRPO, SRPAU, SNRC	PBA_O10 PBA_O6

Rede Abastecemento Veciñal (Pv)					
Rede Nº Código PBM	Entidades de poboación con abastecemento	Parroquia	Clasificación	Categoría	Ordenanza
Dpv-IS-ABS-RP01	Acevido, Outeiro O	Seoane de Argas	SR	SRPO, SRPAU	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP02	Toutelle	Vilardá	SR	SRPP	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP03	Aciveiro O	Cerdeira	SR	SRPO, SRPAU	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP05	Mouruás	San Xoán de Río	SR	SRPO, SRPAU, SRPIN	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP06	Cerdeira	Cerdeira	SR	SRPO, SRPIN	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP07	Fonte A	Cabanas, As	SR	SRPO, SRPAU, SRPP, SRPF	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP08	Arboiro	Medos	SR	SRPO	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP09	Xunquedo O	Cabanas, As	SR	SRPO	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP10	Domecelle	San Xoán de Río	SR	SRPAU	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP11	Casdelope	Seoane de Argas	SR	SRPAU	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP12	Seoane	Seoane de Argas	SR	SRPO, SRPAU	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP13	Cortes As	Seoane de Argas	SR	SRPO, SRPAU	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP14	Sanfitoiro	Seoane de Argas	SR	SRPO	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP15	Medos	Medos	SR	SRPO	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP16	Pacios de San Xurxo, Carballo O, Barreal O	San Xurxo	SR	SRPO	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP17	Cambela	Vilardá	SR	SRPP	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP18	Cruz A	Vilardá	SR	SRPP	PBA_O10

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Dpv-IS-ABS-RP19	Vilardá	Vilardá	SR	SRPP, SRPAU	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP20	San Silvestre	San Silvestre de Argas	SR	SRPO	PBA_O10

Táboa 9. Depósitos.

Rede Abastecemento Municipal (Pb)							
Rede Nº Código PBM	**Depósito Nº Código PBM**	**Tipo**	**m³**	**Parroquia**	**Clasificación**	**Categoría**	**Ordenanza**
Dpv-IS-ABS-RP09	SL-IS-ABS-DP06	Sup.	30	Cabanas	SR	SRPO	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP06	SL-IS-ABS-DP07	Sup.	60	Cerdeira	SR	SRPIN	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP06	SL-IS-ABS-DP08	Sup.	60	Cerdeira	SR	SRPO	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP08	SL-IS-ABS-DP09	Sot.	12	Medos	SR	SRPO	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP15	SL-IS-ABS-DP10	Sot.	20	Medos	SR	SRPO	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP12	SL-IS-ABS-DP11	Sup.	50	Seoane de Argas	SR	SRPAU	PBA_O10
SL-IS-ABS-RP04	SL-IS-ABS-DP12	Sot.	100	San Xoán de Río	SNR	SNRC	PBA_O5
Dpv-IS-ABS-RP05	SL-IS-ABS-DP14	Sup.	100	San Xoán de Río	SR	SRPO	PBA_O10
Rede Abastecemento Veciñal (Pv)							
Rede Nº Código PBM	**Depósito Nº Código PBM**	**Tipo**	**m³**	**Parroquia**	**Clasificación**	**Categoría**	**Ordenanza**
Dpv-IS-ABS-RP11	Dpv-IS-ABS-DP01	Sup.	30	Seoane de Argas	SR	SRPO	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP13	Dpv-IS-ABS-DP02	Sot.	30	San Xoán de Río	SR	SRPAU	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP01	Dpv-IS-ABS-DP03	Sot.	50	Seoane de Argas	SR	SRPAU	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP14	Dpv-IS-ABS-DP04	Sot.	50	Seoane de Argas	SR	SRPO	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP20	Dpv-IS-ABS-DP05	Sup.	60	San Silvestre de Argas	SR	SRPO	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP10	Dpv-IS-ABS-DP13	Sot.	30	San Xoán de Río	SR	SRPIN, SRPAU	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP16	Dpv-IS-ABS-DP15	Sup.	80	San Xurxo	SR	SRPO	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP17	Dpv-IS-ABS-DP16	Sup.	10	Vilardá	SR	SRPP	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP18	Dpv-IS-ABS-DP17	Sup.	10	Vilardá	SR	SRPP	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP19	Dpv-IS-ABS-DP18	Sup.	50	Vilardá	SR	SRPAU, SRPP	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP07	Dpv-IS-ABS-DP19	Sup.	20	Cabanas, As	SR	SRPO	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP03	Dpv-IS-ABS-DP20	Sup.	90	Cerdeira	SR	SRPAU	PBA_O10
Dpv-IS-ABS-RP02	Dpv-IS-ABS-DP21	Sup.	15	Vilardá	SR	SRPP	PBA_O10

Sup: Superficie. Sot: Soterrado

Táboa 10. ETAP

Rede Abastecemento Municipal (Pb)			
ETAP Nº Código PBM	**Tipo**	**Localización**	**Estado**
SL-IS-ABS-ET01	Automático	No depósito	Bo

6.2.2. Rede de saneamento

Táboa 11. Rede de saneamento municipal, tramos colectores (TC)

Rede de Saneamento municipal (Pb)					
Código PBM TC	**Entidades de poboación con saneamento**	**Parroquia**	**Clasificación**	**Categoría**	**Ordenanza**
SL-IS-SAN-TC01	Cortes As	Seoane de Argas	SNR, SR	SNRT, SRPAU	PBA_O6, PBA_O8, PBA_O10

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Rede de Saneamento municipal (Pb)					
Código PBM TC	**Entidades de poboación con saneamento**	**Parroquia**	**Clasificación**	**Categoría**	**Ordenanza**
SL-IS-SAN-TC02	San Silvestre	San Silvestre de Argas	SNR, SR	SNRT, SRPAU, SRPO	PBA_O6, PBA_O10
SL-IS-SAN-TC03	Aciveiro O	Cerdeira	SNR, SR	SNRT, SRPO	PBA_O6, PBA_O10
SL-IS-SAN-TC04	Domecelle	San Xoán de Río	SR, SNR	SRPIN, SNRT	PBA_O10, PBA_O6
SL-IS-SAN-TC05	Campo O, Cerniza	San Xoán de Río	SR, SNR	SRPO, SRPIN, SRPAU, SNRC, SNRT	PBA_010, PBA_O6, PBA_O8, PBA_O9
SL-IS-SAN-TC06	Pacios de San Xurxo	San Xurxo	SR, SNR	SRPO, SRPAU, SNRT	PBA_O10, PBA_O6
SL-IS-SAN-TC07	Xunquedo O	Cabanas, As	SR, SNR	SRPO, SNRT	PBA_O10, PBA_O6
SL-IS-SAN-TC08	Torre Vella A, Pousa A, Alenzá A	San Xoán de Río	SR, SNR	SRPAU, SRPO, SRPIN,	PBA_O10, PBA_O6, PBA_O8, PBA_O9
SL-IS-SAN-TC09	-	Seoane de Argas	SR	SRPIN	PBA_O10
SL-IS-SAN-TC10	Cerdeira	Cerdeira	SNR, SR	SNRT, SRPAU, SRPP, SRPIN, SRPO	PBA_O6, PBA_O10
SL-IS-SAN-TC11	Mouruás	San Xoán de Río	SNR, SR	SNRT, SNRC, SRPIN, SRPP	PBA_O10, PBA_O6
SL-IS-SAN-TC12	Toutelle	Vilardá	SNR, SR	SNRT, SRPAU, SRPP	PBA_O6, PBA_O10
SL-IS-SAN-TC13	Vilardá	Vilardá	SNR, SR	SNRT, SRPAU	PBA_O6, PBA_O10
SL-IS-SAN-TC14	Cruz A	Vilardá	SNR, SR	SNRT, SRPAU, SRPP	PBA_O6, PBA_O10
SL-IS-SAN-TC15	Cambela	Vilardá	SNR, SR	SNRT, SRPAU, SRPP	PBA_O6, PBA-O10
SL-IS-SAN-TC16	Medos	Medos	SNR, SR	SNRT, SNRC, SRPO	PBA_O6, PBA_O10
SL-IS-SAN-TC17	Arboiro	Medos	SNR	SNRT	PBA_O6
SL-IS-SAN-TC18	Casdelope	Seoane de Argas	SNR, SR	SNRT, SRPAU, SRPO	PBA_O6, PBA_O10
SL-IS-SAN-TC19	Seoane	Seoane de Argas	SNR	SNRT	PBA_O06
SL-IS-SAN-TC20	Barreal O, Carballo O	San Xurxo	SNR	SNRT	PBA_O6

Táboa 12. Rede de saneamento municipal, tramos emisarios (TE)

Rede de Saneamento municipal (Pb)					
Código PBM TC	**Fosa nº**	**Código PBM TE**	**Clasificación**	**Categoría**	**Ordenanza**
SL-IS-SAN-TC01	1	SL-IS-SAN-TE01	SR	SRPAU, SRPO	PBA_O10
SL-IS-SAN-TC02	-	SL-IS-SAN-TE02	SR	SRPO, SRPAU	PBA_O10
SL-IS-SAN-TC03	14	SL-IS-SAN-TE03	SR	SRPO, SRPIN	PBA_O10
SL-IS-SAN-TC04	5	SL-IS-SAN-TE04	SR	SRPO, SRPAU	PBA_O10
SL-IS-SAN-TC05	4	SL-IS-SAN-TE05	SR	SRPAU, SRPIN	PBA_O10
SL-IS-SAN-TC06	-	SL-IS-SAN-TE06	SNR, SR	SNRT, SRPAU	PBA_O6, PBA_O10
SL-IS-SAN-TC07	6	SL-IS-SAN-TE07	SR	SRPO, SRPAU	PBA_O10
SL-IS-SAN-TC08	4	SL-IS-SAN-TE08	SR	SRPAU, SRPIN	PBA_O10
SL-IS-SAN-TC09	15	SL-IS-SAN-TE09	SR	SRPIN, SRPP	PBA_O10
SL-IS-SAN-TC10	16	SL-IS-SAN-TE10	SR	SRPAU	PBA_O10
SL-IS-SAN-TC11	7	SL-IS-SAN-TE11	SR	SRPIN, SRPP	PBA_O10
SL-IS-SAN-TC12	13	SL-IS-SAN-TE12	SR	SRPAU, SRPP	PBA_O10
SL-IS-SAN-TC13	10	SL-IS-SAN-TE13	SR, SNR	SRPAU, SRPIN, SRPP, SNRT	PBA_O10, PBA_O6, PBA_O8
SL-IS-SAN-TC14	9	SL-IS-SAN-TE14	SR	SRPP	PBA_O10
SL-IS-SAN-TC15	11	SL-IS-SAN-TE15	SR	SRPP, SRPAU	PBA_O10

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Rede de Saneamento municipal (Pb)					
Código PBM TC	**Fosa nº**	**Código PBM TE**	**Clasificación**	**Categoría**	**Ordenanza**
SL-IS-SAN-TC16	8	SL-IS-SAN-TE16	SR	SRPO	PBA_O10
SL-IS-SAN-TC17	3	SL-IS-SAN-TE17	SR	SRPO, SRPAU	PBA_O10
SL-IS-SAN-TC18	12	SL-IS-SAN-TE18	SR	SRPO	PBA_O10
SL-IS-SAN-TC19	2	SL-IS-SAN-TE19	SNR, SR	SNRC, SRPO, SRPAU	PBA_O9, PBA_O10
SL-IS-SAN-TC20	17	SL-IS-SAN-TE20	SNR, SR	SNRT, SRPO, SRPAU	PBA_O6, PBA_O10

*A clasificación, categoría e ordenanza desta táboa correspóndese co tramo emisario.

6.2.3. Subministro eléctrico

Táboa 13. Rede de enerxía eléctrica de alta e media tensión.

Rede de enerxía eléctrica de alta e media tensión				
Código PBM	**Titular**	**Clasificación**	**Categoría**	**Ordenanza**
IS-ELE-AT01		SR	SRPIN, SRPAU	PBA_O10
IS-ELE-AT02		SR	SRPIN, SRPAU, SRPP	PBA_O10
IS-ELE-AT03		SR	SRPIN, SRPAU, SRPP	PBA_O10
IS-ELE-AT04		SR	SRPIN, SRPAU, SRPP	PBA_O10
IS-ELE-AT05		SR	SRPIN, SRPAU, SRPP	PBA_O10
IS-ELE-MT01		SR	SRPIN, SRPAU, SRPP	PBA_O10
IS-ELE-MT02		SR	SRPIN, SRPAU, SRPPX, SRPEN	PBA_O10
IS-ELE-MT03		SR	SRPIN, SRPP	PBA_O10
IS-ELE-MT04		SR	SRPIN	PBA_O10
IS-ELE-MT05		SR	SRPIN, SRPAU	PBA_O10
IS-ELE-MT06		SR	SRPIN, SRPAU, SRPPX, SRPEN	PBA_O10
IS-ELE-MT07		SR	SRPIN	PBA_O10
IS-ELE-MT08		SR	SRPIN, SRPAU	PBA_O10
IS-ELE-MT09		SR	SRPIN, SRPAU	PBA_O10
IS-ELE-MT10		SR	SRPIN, SRPAU	PBA_O10
IS-ELE-MT11		SR	SRPIN, SRPAU	PBA_O10
IS-ELE-MT12		SR	SRPIN, SRPAU	PBA_O10
IS-ELE-MT13		SR	SRPIN, SRPAU, SRPF	PBA_O10
IS-ELE-MT14		SR	SRPIN, SRPAU	PBA_O10
IS-ELE-MT15		SR	SRPIN, SRPAU	PBA_O10
IS-ELE-MT16		SR	SRPIN, SRPAU	PBA_O10
IS-ELE-MT17		SR	SRPIN, SRPAU	PBA_O10
IS-ELE-MT18		SR	SRPIN, SRPAU	PBA_O10
IS-ELE-MT19		SR	SRPIN, SRPAU	PBA_O10
IS-ELE-MT20		SR	SRPIN, SRPAU	PBA_O10
IS-ELE-MT21		SR	SRPIN, SRPP, SRPAU	PBA_O10

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

6.2.4. Antenas telecomunicacións

Táboa 14. Antenas de telecomunicacións.

Antenas telecomunicacións				
Código PBM	**Titular**	**Clasificación**	**Categoría**	**Ordenanza**
SX-IS-TEL-AN01	Pb	SR	SRPI	PBA_010

6.3. EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRE E ZONAS VERDES

Táboa 15. Espazos libres e zonas verdes.

Espazos libres e zonas verdes						
Nome	**Código PBM**	**Titular**	**Clasificación**	**Categoría**	**Ordenanza**	**Superficie (m²)**
Praza do Concello	SL-EL-ARP-001	Pb	SNR	SNRC	PBA_O7	511
Praza Antonio Sabín	SL-EL-PRA-001	Pb	SNR	SNRT	PBA_O7	334
TOTAL						845

Táboa 16. Equipamentos.

Equipamentos						
Nome	**Código PBM**	**Titular**	**Clasificación**	**Categoría**	**Ordenanza**	**Superficie (m²)**
Casa do Concello	SX-EQ-AD-001	Pb	SNR	SNRC	PBA_O4	893
Centro de saúde	SX-EQ-AS-001	Pb	SNR	SNRC	PBA_O4	1.560
Albergue Os Biocos	SX-EQ-AS-002	Pb	SR	SRPO, SRPINF	PBA_O10	74.475
Polideportivo	SX-EQ-DE-001	Pb	SNR	SNRC	PBA_O4	1.441
Aula da natureza	SX-EQ-SC-001	Pb	SR	SEPAU	PBA_O10	3.387
Protección Civil	SX-EQ-SP-001	Pb	SNR	SNRC	PBA_O4	41
Escola vella	SL-EQ-DM-001	Pb	SNR	SNRC	PBA_O4	823
Escola vella	SL-EQ-DM-002	Pb	SR	SRPO, SRPINF	PBA_O10	59
Tele-clube	SL-EQ-SC-001	Pb	SNR	SNRT	PBA_O4	68
Escola	SL-EQ-SC-002	Pb	SNR	SNRC	PBA_O4	357
Centro asistencial	SL-EQ-SC-003	Pb	SNR	SNRC	PBA_O4	2773
					Suma	85.877
Residencia de anciáns	Dpv-EQ-AS-001	Pv	SNR	SNRC	PBA_O4	4.361
Igrexa parroquial e cemiterio de San Xoán de Río	Dpv-EQ-REL-001	Pv	SNR	SNRT	PBA_O4	1.028
Igrexa parroquial e cemiterio de San Silvestre	Dpv-EQ-REL-002	Pv	SNR	SNRT	PBA_O4	323
Igrexa parroquial e cemiterio de Santa María	Dpv-EQ-REL-003	Pv	SNR	SNRT	PBA_O4	618
Igrexa parroquial e cemiterio de Santa Mariña	Dpv-EQ-REL-004	Pv	SR	SRPP, SRPAU	PBA_O10	519
Igrexa parroquial e cemiterio de Santa María da O	Dpv-EQ-REL-005	Pv	SR	SRPP, SRPAU	PBA_O10	473
Igrexa parroquial e cemiterio de Santa María Madalena	Dpv-EQ-REL-006	Pv	SNR	SNRT	PBA_O4	731
Igrexa parroquial de San Xoán	Dpv-EQ-REL-007	Pv	SNR	SNRT	PBA_O4	419
Cemiterio de San Xoán	Dpv-EQ-REL-008	Pv	SR	SRPO	PBA_O10	365
Igrexa parroquial e cemiterio de Santa María	Dpv-EQ-REL-009	Pv	SR	SRPP	PBA_O10	1.060

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Igrexa parroquial e cemiterio de San Paio	Dpv-EQ-REL-010	Pv	SNR	SNRT	PBA_O4	394
Capela de Santiago do Monte en Cima da Vila	Dpv-EQ-REL-011	Pv	SR	SRPP	PBA_O10	939
Capela de San Antonio de Domecelle	Dpv-EQ-REL-012	Pv	SR	SRPP, SRPPX, SRPEN	PBA_O10	489
Capela de Santiago de Mouruás	Dpv-EQ-REL-013	Pv	SNR	SNRT	PBA_O4	108
Capela de San Miguel	Dpv-EQ-REL-014	Pv	SR	SRPP	PBA_O10	406
Velorio	Dpv-EQ-SP-001	Pv	SNR	SNRC	PBA_O4	121
					Suma	12.354
TOTAL						98.231

7. INFORMES SECTORIAIS PREVIOS Á APROBACIÓN INICIAL

Como trámite previo á aprobación inicial do PMN solicitáronse informes á Confederación Hidrográfica del Miño-Sil en relación ao establecido polo artigo 128 da lei de Augas, así como á Cámara Oficial Mineira de Galicia sobre os dereitos mineiros existentes no concello de San Xoán de Río.

En relación co primeiro deles a Confederación Hidrográfica del Miño-Sil contestou en data 30/09/2020 que tras consultar o Plan Hidrolóxico Nacional e o Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil, constatouse que en ningún deles contémplase a execución de proxectos, obras ou infraestruturas de interese xeral para o municipio de san Xoán de Río.

Polo que respecta ao segundo, con data 25/11/2020 á Cámara Oficial Mineira de Galicia emitiu certificado no que se identifican os dereitos mineiros rexistrados no Catastro Mineiro de Galicia, os cales se incorporan á documentación do PBM.

8. MODIFICACIÓNS RESPECTO DO DOCUMENTO DO BORRADOR SOMETIDO A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Despois de sometido a Avaliación Ambiental Estratéxica, o documento do borrador sufriu diversos cambios sobre todo con respecto ao recoñecemento dos núcleos rurais, non soamente froito das recomendacións do informe do Instituto de Estudos do Territorio (en diante IET) e os seus respectivos informes sectoriais, senón tamén derivados do traballo de campo e valoracións realizadas polo equipo redactor. Os distintos cambios introducidos descríbense a continuación, agrupándoos por temas:

A. Delimitacións

En base á revisión do traballo de campo, as delimitacións dos núcleos sufriron pequenos reaxustes considerando as pegadas físicas existentes, como peches, sendas e camiños.

Unha revisión da base cartográfica foi realizada a medida que se identificou a inexistencia dalgunhas edificacións que aparecían e o recoñecemento de novas edificacións antes non contempladas, identificándose tamén a alteración dalgunhas tipoloxías edificatorias, que na maior parte dos casos provén do recoñecemento da perda do seu carácter tradicional de acordo co establecido no artigo 33.1.b da RLSG.

Consecuentemente, foi reaxustado a identificación do tipo básico tradicional e común nos seguintes núcleos: 0104 O Outeiro, 0602 Medos, 0713 Valdonedo, 0803 Pacios de San Xurxo, 0306 Valados, 0404 Cima de Vila, 0405 Freixo, 0709 A Pousa. Ademais, considerouse o núcleo

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

0102 Casdelope como SNRT tendo en conta que a maior parte das súas edificacións conservan o carácter tradicional.

O equipo redactor tamén reconsiderou os criterios de recoñecemento das parcelas edificadas a efectos do cálculo de consolidación. Foron identificadas diversas edificacións que non reúnen os criterios establecidos no artigo 35.1.d do RLSG e 2.2.a de a Lei 38/1999, de Ordenación da Edificación.

A revisión do antedito criterio levou ao aumento do número de parcelas edificables e, en dous núcleos, ocasionou unha diminución da superficie delimitada. Foi o caso do recorte realizado na parcela ao norte do ámbito común do núcleo 0801/0802 O Barreal/O Carballo e do recorte da parcela ao norte do núcleo 0403 Castromao.

Tamén foron recortados núcleos ao excluír dos mesmos parcelas que non reunían os requisitos para ser edificables; ás veces por non posuír fronte a camiño público, como ao sur do núcleo 0202 San Silvestre, as parcelas ao norte do núcleo 0105 As Ribadas e a parcela ao leste do núcleo 0402 Casdequille; ou aquelas parcelas que presentaban unha superficie moi reducida e frontes excesivamente pequenas, como ao oeste e sur do núcleo 0901 Cambela, ao suroeste de 0103 As Cortes, ao suroeste de 0710 Reboledo Ou, ao leste de 0304 A Areixa e ao suroeste de 0201 Argas Vellas.

Foi reaxustada a delimitación do núcleo de 0409 Sabugueiro de Arriba debido a un erro na fase anterior no cómputo da consolidación, ao considerar criterios de reparcelamento asociados a un SNRC, sendo este un SNRT.

Tamén se reaxustou a delimitación do núcleo 0602 Medos, dándolle máis superficie a unha parcela do norte para que alcanzase a superficie mínima de edificabilidade considerada polo plan. No núcleo tradicional de 0303 A Fonte foi recortada unha parcela ao noroeste debido ás súas condicións topográficas non adecuadas.

Se valorou e eliminou o núcleo de Santa Cruz antes delimitado e identificado con antigo código PBM 0904, xa que non cumpre co número mínimo de catro vivendas esixido. Foi recoñecido e delimitado un novo núcleo rural tradicional, 0302 Os Cerdeiros, na parroquia das Cabanas, que si presentaba as vivendas indicadas con anterioridade.

Seguindo os criterios do informe emitido polo IET, reaxustáronse os núcleos 0202 San Silvestre, 0703-0704 O Campo/Cerniza e 0707 Mouruás a fin de evitar crecementos que poderían afectar a paisaxe:

> 0202 San Silvestre: segregación do núcleo que se ve afectado pola zona de policía do Río de Sas de Penelas, adquirindo agora un carácter binuclear.
>
> 0707 Mouruás: elimínanse as parcelas vacantes de edificación situadas ao leste da estrada e con acceso único por esa vía.
>
> 0703/0704 O Campo/Cerniza: elimínanse as parcelas do extremo suroeste que ven afectadas pola zona de policía do Regacho Lentellas e todas aquelas parcelas, ao longo da estrada OU-0705, que ven afectadas polo gran desnivel existente podendo ocasionar efectos negativos á paisaxe rural.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

O equipo redactor valorou e optou por non recoñecer como subsistentes as delimitacións de núcleos rurais aprobadas con anterioridade ao plan; 0707 Mouruás e 0502 Cerdeira.

B. Aliñacións

En xeral foron realizados pequenos cambios nas aliñacións dos núcleos, especialmente tras a identificación de muros tradicionais de pedra, que foron recoñecidos na revisión do traballo de campo, observándose igualmente a demolición dalgunhas edificacións e consecuente cambio na aliñación, como no caso das parcelas ao norte do núcleo 0902 Castiñeiro.

Foron identificados tres camiños públicos catastrais antes non identificados; un ao norte do núcleo 0903 A Cruz, outro ao oeste de 0803 Pacios de San Xurxo e outro ao oeste de 0713 Valdonedo.

Tamén foi valorado a incorporación de camiños catastrais non existentes e, por tanto, non considerados tras comprobar a súa inexistencia en campo, que é o caso do camiño ao leste de 0713 Valdonedo, ao norte de 0503 As Guístolas, ao oeste de 0911 Cambela e ao noroeste 0403 Castromao.

En todos os núcleos tamén foron recoñecidos camiños públicos sen información catastral que tampouco antes foran anteriormente recoñecidos, a **excepción** dos seguintes núcleos: 0201 Argas Vellas, 0304 A Areixa, 0305 Teixeira, 0306 Valados, 0401 Cabaces, 0403 Castromao, 0404 Cima de Vila, 0408 O Regueiro, 0409 Sabugueiro de Abaixo, 0410 Sabugueiro de Arriba, 0411 Val de Miotos, 0505 San Xulián, 0601 Arboiro y 0707 Mouruás.

Tamén se recoñeceron puntuais diferenzas entre a información catastral e a realidade; un lixeiro desprazamento do camiño localizado ao noroeste do núcleo de 0306 Valados e no camiño ao leste de 0701 A Alenza.

Na fase de borrador houbo un equívoco na identificación dun camiño que en realidade non existe e cuxo trazado afectaba a parcelas privadas ao noroeste do núcleo 0103 As Cortes, o que implicou no recorte das parcelas non edificables sen fronte a camiño. Unha excepción foi o recoñecemento dun camiño de uso público de acceso á Igrexa de San Silvestre de Argas (Dpv-EQ-REL-002), en 0202 San Silvestre, o cal non está recoñecido no Catastro, onde se identifica, en parte, como unha parcela privada, igualmente que o camiño ao noroeste do núcleo de 0902 Castiñeiro.

Outro cambio en relación coas aliñacións foi o recoñecemento de forma puntual de viario de uso público por baixo de edificacións, concretamente corredores en plantas altas que conectan edificacións a ambos lados do viario, ao nordeste do núcleo 0711 San Miguel, ao sur do núcleo 0903 A Cruz, e ao sur do núcleo 0905 Toutelle. Neste último núcleo tamén se corrixiu unha aliñación que se incorporou erroneamente sobre unha parcela que abriga un conxunto de edificacións tradicionais. O mesmo sucede ao norte do núcleo 0401 Cabaces, ao sur do núcleo 0202 San Silvestre e ao norte de 0601 Arboiro.

Tamén se eliminou unha aliñación aplicada erroneamente na fase anterior sobre unha parcela privada no ámbito común do núcleo 0104 O Outeiro.

Nos núcleos afectados polas estradas da Deputación como é o caso de 0705 Domecelle, 0707 Mouruás, 0710 O Reboledo, 0701 A Alenza, 0703/0704 O Campo/Cerniza, afectados pola OU-0706, os núcleos 0705 A Pousa e 0703/0704 O Campo/Cerniza, tamén afectado pola OU-0705, modificáronse de forma xeneralizada as aliñacións afectadas por devanditos viarios adaptándoas a un ancho total de 12 metros, a excepción do tramo da estrada OU-0705 ao seu paso por O

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Campo, onde as aliñacións fanse coincidir co bordo interior das beirarrúas existentes, as cales á súa vez marcan a liña dun bo número de edificacións, e naqueles casos nos que existe algunha construción de carácter tradicional (peches, edificacións, etc).

C. Servizos e dotacións

Reaxuste nas parcelas dos equipamentos dos núcleos de O Campo/Cerniza, San Silvestre, Medos e Seoane debido a cambios nas aliñacións e adaptación a peches existentes. No caso o equipamento SL-EQ-DM-001, situado no núcleo de Seoane, o reaxuste partiu da identificación do acceso ao equipamento desde outra parcela catastral.

De conformidade co artigo 155.a do RLSG se identificaron nos planos de ordenación a escala 1/5.000 as dotacións urbanísticas do concello.

D. Clasificación do solo

A área de interese paisaxístico do Val do Río Navea, categorizada como solo rústico de especial protección paisaxística (SRPPX), se lle superpone, por indicación do IAE, a categoría de solo rústico de especial protección de espazos naturais (SRPEN).

Se categoriza como SRPP a área de amortecemento do BIC da Ribeira Sacra, de acordo co establecido no artigo 4.2.h do RLSG en relación coa Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia.

Se categoriza como SRPINF o heliporto (SX-EQ-SP-002) para extinción de incendios, e a localización das infraestruturas de servizo puntuais existentes no concello localizadas en solo rústico de acordo co establecido no artigo 49.2.e da RLSG.

Amplíase o solo rústico de especial protección de augas (SRPAU) no relativo á zona de policía do encoro das Guístolas, xa que a zona de policía 100 metros estaba debuxada desde o centro do encoro e non desde a marxe do cauce como indican os artigos 4 e 6 do RDL 1/2001 (art. 34.2.c da LSG e 49.2.c do RLSG).

E. Normas Técnicas de Planeamiento Urbanístico (NNTTPP)

Os núcleos rurais etiquetaronse segundo os parámetros de etiquetaxe definidos no artigo 14.6 e no Anexo 2.

No caso das dotacións locais e privadas, corrixiuse a súa representación gráfica e etiquetado, de acordo co Anexo 2.

Foron asignados códigos PBM e etiquetáronse as dotacións lineais e puntuiais de acordo coa súa categoría e titularidade, segundo o Anexo 2. Ademáis ajustáronse os trazados das distintas redes de servizos para facilitar a súa lexibilidade segundo o artigo 3.

Na serie de planos de ordenación da AMAP corrixíronse as cores do sombreado da categoría dos núcleos rurais segundo o regulado no anexo 2.

Na serie de planos de información 03ECN, distínguense os elementos catalogados no PBM entre arquitectónicos e etnográficos ou arqueolóxicos, segundo a simboloxía gráfica recollida no anexo 2 e o regulado no seu artigo 8.

Nas series de planos de información engádense a matrícula nas estradas e axústase a representación gráfica da base cartográfica para mellorar a súa lexibilidade segundo o artigo 3.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Completáronse os campos do modelo de datos regulado no Anexo 3 das NNTTPP cos valores "cf" (sen datos) e "na" (non aplicable) onde é necesario.

Completáronse as fichas da AMAP coa descripción dos condicionantes do contorno.

Engádense os arquivos PDF das series de planos de solo urbano indicando ao final _NP (non procede), segundo o regulado no artigo 13.4.

F. Modificacións LSG/RLSG

Adaptouse o PBM ás modificacións introducidas na LSG e no RLSG pola Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas.

G. Paisaxe

Incorpórase ao PBM un Estudo da Paisaxe en cumprimento do establecido no artigo 35 do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

H. Outros

Na serie de planos de información 01SEC identifícase o dominio público hidráulico (cando menos o probable) e as zonas de servidume, segundo o artigo 49.1 do plan hidrolóxico da Confederación Hidrográfica Miño-Sil (RD 1/2016, BOE núm. 16 do 19.01.2016).

Elimínase das fichas do AMAP a información relativa aos equipamentos e aos espazos libres, e a superficie media das parcelas do núcleo, segundo a artículo 153.2.e.2 do RLSG.

Corríxense as Normas de Protección e as Fichas do Catálogo atendendo a diversas observacións realizadas no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Adáptase a normativa sectorial de estradas recollida no apartado 2.5.5 da Memoria Xustificativa, Parte I. Información ao indicado no apartado de fundamentos xurídicos do informe emitido pola AXI.

No Documento Ambiental Estratéxico e nos planos das alternativas modifícase a codificación do arquivo para adaptalo a nova fase de AI, si ben o seu contido non se altera, manténdose o mesmo que se someteu a avaliación ambiental estratéxica. Neste sentido, se han identificado pequenos errores que se indican a continuación, pero non se corrixen coa intención de manter a integridade do documento orixinal:

- No pé de páxina aparece "*DAE_B_Xullo 2020*", cando debería ser "*AAE_B_Xullo 2020".*
- No índice, no apartado *"Anexos. Información cartográfica",* os planos aparecen datados co código "*202003"* cando debería ser "*202007".*

Ademais, no DAE, a continuación da portada, inclúese o equipo redactor indicando o nome dos seus integrantes e titulacións académicas.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:07

CVE: cLrRhFqn92
Verificación: https://sede.xunta.es/cve